



2017

MEMORIA DE ACTIVIDADES

FUNDACIÓN ASPACE CORUÑA |
Protección e compromiso



INDICE

A ENTIDADE	3
LIÑAS DE ACCIÓN.....	3
ORGANIZACIÓN.....	4
SERVIZOS.....	5
ACTIVIDADES DESTACADAS	6
FORMACIÓN.....	6
RECURSOS ECONÓMICOS.....	7

A ENTIDADE

A fundación ASPACE Coruña constitúese no ano 2012, asumindo un compromiso na protección das persoas con parálise cerebral e as súas familias.

A **MISIÓN** da fundación é proporcionar protección xurídica e garantir o cumprimento dos dereitos das persoas con parálise cerebral para acadar a súa plena inclusión e óptima calidade de vida, promovendo a pluralidade e o respecto á diferenza.

- ✓ Clasificada pola Xunta de Galicia como entidade de interese asistencial (DOG do 7 de xaneiro de 2013).
- ✓ Declarada de Interese Galego o 27 de febreiro, inscrita con nº 2013/03.
- ✓ Inscrita no Rexistro de entidades prestadoras de Servizos Sociais con nº E-6000.
- ✓ Adscrita ó Protectorado da Consellería de Política Social.
- ✓ NIF: G70338074

LÍÑAS DE ACCIÓN

EXERCER a tutela, curatela e protección das persoas con parálise cerebral ou patoloxías afíns cando así o establezan os órganos xudiciais.

INFORMAR E ASESORAR ás familias sobre os mecanismos de protección xurídica e civil para as persoas con parálise cerebral.

PROMOVER a sensibilización social para fomentar que as persoas coa capacidade xudicialmente modificada poidan exercer os seus dereitos e obrigas dentro dun marco de respecto e normalidade.

FAVORECER a integración familiar das persoas tuteladas, facilitando un entorno de seguridade e estabilidade.

ORGANIZACIÓN

1.3. ORGANIZACIÓN

PADROADO: É o órgano de goberno e representación da fundación, formado polo presidente, secretario e catro vogais que se encargan de velar polo cumprimento dos fins fundacionais e administrar o patrimonio.

PRESIDENTE

D. Luis Alberto Gordillo de Eguillor

Secretario

D. Eulogio López Río

Vogal

D. Antolín
Rodríguez
Martínez

Vogal

Dna. Ángela
Rouco
Monterroso

Vogal

D. Jacinto
Sánchez
Peñasco

Vogal

D. Óscar Portela
Fernández
Alcaldía de Sada

ÁREA SOCIAL: É o órgano de xestión que se encarga da atención directa ás familias. A persoa encargada de recibir e atender as demandas de información e asesoramento é a traballadora social.

ÁREA ADMINISTRATIVA: Encargase das tarefas de administración e secretaria así como as derivadas da adecuada xestión económica e contable da fundación.

SERVIZOS

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Este servizo está dirixido a todas aquelas persoas que precisen información sobre medidas de protección para persoas con discapacidade.

Desde a entidade préstase apoio e acompañamento ás familias para que poidan resolver as súas dúbidas e inxedanzas sobre o procedemento de modificación da capacidade, as funcións tutelares, as obrigas e requerimentos xudiciais e o futuro dos seus fillos e fillas.

- Solicitudes de modificación da capacidade a través do Ministerio Fiscal, a instancia das familias interesadas



- Orientación e asesoramento ás familias durante os diferentes procedementos xurídicos e trámites administrativos.



- Solicitud e seguemento das autorizacións de internamento non voluntario dos/as usuarios/as da asociación ASPACE.
- Seguemento dos/as usuarios/as da asociación ASPACE tutelados por entidades públicas.



EXERCICIO TUTELAR

Na actualidade a fundación ASPACE Coruña non exerce ningún cargo tutelar, pero continúa adiante co servizo de **PRE TUTELA**, a través do cal os pais e nais poden atopar na fundación unha alternativa de futuro para prestar os apoios necesarios ós seus fillos e fillas cando eles falten ou non podan facerse cargo.

ACTIVIDADES DESTACADAS

A fundación iniciou este ano un proxecto en colaboración coa asociación ASPACE que consiste na elaboración dunha **Guía para familias** con pautas para pais e nais primerizos no mundo da parálise cerebral. A aportación da fundación nesta guía trata aqueles aspectos relacionados coa protección xurídica das persoas con parálise cerebral e o afrontamento do futuro.

A traballadora social da fundación participou nas reunións do **Grupo de familias** da asociación para recoller ideas e propostas e dar asesoramento ante as demandas realizadas. A través destas colaboracións búscase crear nexos e confianza coas familias dos usuarios e usuarias susceptibles de precisar os servizos da fundación.

FORMACIÓN

Desde a fundación ASPACE Coruña foméntase a formación continuada para garantir a actualización dos coñecementos dos/as profesionais, a mellora permanente da súa cualificación e incentivar a súa motivación.

ACTIVIDADE	ORGANIZA	LUGAR E DATA
Mi vida, mis decisiones. El derecho a una vida plena.	Fundación ADCOR	A Coruña, 15/02/17
O desafío dos dereitos das persoas con discapacidade	Down Galicia	Santiago de Compostela, 14/03/17
II ENCONTRO GALEGO DE AUTOXESTORES	ASPACE Coruña	Sada, 11/05/17
CONGRESO NACIONAL DE PARÁLISE CEREBRAL	Confederación ASPACE	Madrid, 13-14 /10/17

RECURSOS ECONÓMICOS

- ✚ A principal fonte de financiación da fundación ASPACE Coruña procede da administración pública, en concreto da Deputación da Coruña, da que recibimos unha subvención destinada ó desenvolvemento en programas e actividades dirixidas á poboación con parálise cerebral por importe de 11.372,27 €.
- ✚ Asinouse un ano máis ó convenio de colaboración co Concello de Sada, o cal aportou a cantidade de 1000 € para o financiamento das actividades da fundación.
- ✚ A través das subvencións concedidas dentro dos programas de cooperación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, contratouse a finais de ano a un técnico informático e unha administrativa para dar soporte á labor fundacional.

